

# 1. PROCEDEMENTO E ACLARACIÓNS DO PAGAMENTO DE TAXAS

Pode efectuar o pagamento das taxas de 2 xeitos diferentes:

## 1. Nas ENTIDADES BANCARIAS:

- Pode retirar o impreso “E” de liquidación de taxas na conserxería da escola ou [xerar un impreso estándar Modelo A1 nesta ligazón](#).

Encha os espazos destinados ós seus datos persoais cos seguintes códigos:

- ✓ **Consellería:** Cultura, Educación e Universidade **07**
- ✓ **Delegación:** Lugo **20**
- ✓ **Servizo:** Ensino Medio **03**
- ✓ **Taxa:** Escolas Oficiais de Idiomas: **350800**


- Marque o importe de matrícula que lle corresponde aboar dependendo do tipo de alumnado. Teña en conta que debe marcar correctamente este importe porque non se pode solicitar ningunha devolución de taxas debido a un erro do propio alumno/a. **As taxas aparecen ao final deste documento.**

## 2. Por INTERNET (só con tarxeta)

- Acceda á [Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda](#) . Indique os seus datos persoais e os códigos de tramitación e dea a orde de pagamento. Comprobe ben o importe que debe aboar, pois non existe a posibilidade de devolución de taxas.

- ✓ **Consellería:** Cultura, Educación e Universidade **07**
- ✓ **Delegación:** Lugo **20**
- ✓ **Servizo:** Ensino Medio **03**
- ✓ **Taxa:** Escolas Oficiais de Idiomas: **350800**

- A aplicación xerallle un xustificante de pagamento **modelo 730** ou **731**, que deberá entregar na secretaría da escola xunto co resto da documentación de matrícula.



- No caso de que deba retomar a operación, a aplicación xerallle un código de verificación CSV que envía ó seu correo-e. Debe acceder de novo á Oficina virtual tributaria → Servizos de acceso libre → Taxas, prezos, multas e sancións → Operacións realizadas.

**TAXAS ALUMNOS LIBRES CURSO 2021-2022**  
(Decreto 89/2013 do 13 de xuño, DOG 17/06/2013)  
**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS**

**1. ALUMNO/AS NOVO/AS**

(se matriculan por primeira vez nunha escola oficial de idiomas)

**1. Alumnos novos**

(Alumnos que se matriculan por primeira vez nunha escola oficial de idiomas) deberán aboar:

Apertura de expediente académico .....	22,00 €
Matrícula por disciplinas soltas .....	(*) 46,00 €
<b>TOTAL .....</b>	<b>68,00 €</b>

**1.a. FUNCIONARIOS DOCENTES** (excepto de Universidade), deberán aboar:

Apertura de expediente académico .....	22,00 €
<b>TOTAL .....</b>	<b>22,00 €</b>

**1.b. FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA XERAL** deberán aboar:

Fotocopia compulsada do Libro de Familia Numerosa actualizada.

A compulsada pódese facer de xeito gratuito na Escola Oficial de Idiomas, presentando o orixinal xunto á fotocopia.

Apertura de expediente académico.....	11,00 €
Matrícula por disciplinas soltas .....	(*) 23,00 €
<b>TOTAL .....</b>	<b>34,00 €</b>

**1.d. FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA ESPECIAL, VÍTIMAS DE ACTOS TERRORISTAS, VIOLENCIA DE XÉNERO E ALUMNADO CON DISCAPACIDADE (igual ou superior ao 33%) non aboan nada**

En todos os casos deberase achegar documentación acreditativa.

## 2. ALUMNOS ANTIGOS

(alumnos que xa estiveron matriculados nesta ou noutra escola oficial de idiomas e/ou con traslado de expediente a esta) deberán aboar:

Matrícula por disciplinas soltas.....(*) 46,00 €
<b>TOTAL .....</b> <b>46,00 €</b>

(\*) SE UN ALUMNO SE MATRICULA EN MAIS DUN IDIOMA OU NIVEL DEBERÁ MULTIPLICAR O IMPORTE DO APARTADO MATRÍCULA POR DISCIPLINAS SOLTAS POLO NÚMERO DE IDIOMAS OU NIVEIS EN QUE SE MATRICULE.

*Exemplo: Se un alumno/a se matricula en dous idiomas deberá aboar:*

<i>Apertura de expediente (11 X 2) .....</i>	<i>22,00 €</i>
<i>Matrícula por disciplina solta (46,00 x 2) .....</i>	<i>92,00 €</i>
<b><i>Total .....</i></b>	<b><i>114,00 €</i></b>

**IMPORTANTE: COMPROBE BEN OS IMPORTES QUE VAI INGRESAR ANTES DE FACER A AUTOLIQUIDACIÓN. NON SE ADMITIRÁN INGRESOS INCORRECTOS.**